



O mércores 13, ás 20.30 h, inauguramos a exposición PERFECTO ESTÉVEZ (Ourense, 1955 – A Coruña, 2010), realizada en colaboración coa [AELG](#).

Perfecto Antonio Estévez García, nado en Ourense o 27 de xullo de 1955 e falecido o 5 de maio do 2010 na Coruña, foi un pintor, cartelista e escenógrafo galego.

Deseñador da editorial *Espiral Maior*, de *A Nosa Terra*. Colaborou con traballos gráficos co Concello da Coruña e coa Universidade, numerosos concellos galegos e tamén con distintas editoriais como *Baía Edicións*, ou *Edicións Xerais* de Galicia.

Foi tamén xeneroso colaborador realizando cartelería para un gran número de asociacións culturais.

A exposición é de pintura, da súa serie *Mulleres*. Ese mesmo día agasallaremos tamén cunha publicación realizada para a ocasión con textos dos seus amigos: Ignacio Basallo, Margarita Ledo, Manuel Lourenzo, Francisco Rodríguez, Felipe Senén e Henrique Tello.

[Perfecto Estévez, o afiadador de estrelas](#), por Felipe Senén.